

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O CENTRO INFORMÁTICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

En Santiago de Compostela, 5 de abril de 2010.

REUNIDOS

Dunha parte o **Sr. D. Pablo Figueroa Dorrego**, Director da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeado polo Decreto 213/2009, do 23 de abril (DOG nº 79 do 24 de abril), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo;

Doutra, a **Sra. Dna. MARTA FERNANDEZ CURRAS**, presidenta do Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), nomeada polo Decreto 81/2009 do 19 de abril (DOG nº 75 do 20 de abril) actuando en nome e representación do CIXTEC, en virtude das facultades que lle confire o artigo 6.2º do Decreto 361/1998 do 4 de decembro polo que se aproba o estatuto do Cixtec.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena

autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO. - Que a Lei 4/1987, de 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que o Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) **é un ente de dereito público con personalidade xurídica propia creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998 de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública patrimonio e xestión, que ten por obxecto o desenvolvemento de proxectos e aplicacións informáticas, a súa xestión, planificación, supervisión, asesoramento e coordinación, así como a subministración dos equipos necesarios para levar a cabo os procesos informáticos da Xunta de Galicia de natureza tributaria, contable, orzamentaria e económico-financeira, e en xeral, os relacionados cos anteriores.**

CUARTO.- A Resolución do Director da EGAP, do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública, publicada no DOG. Núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008, establece no seu artigo primeiro que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades da EGAP, o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo; o persoal da Administración das tres universidades galegas e o doutras entidades, organismos e empresas públicas, así como outros colectivos de interese para a Administración, cando así se estableza nas respectivas convocatorias, que poden fixar cotas para cada Administración.

De conformidade co anterior, a Resolución do Director da EGAP, do 26 de xaneiro de 2010, pola que se publica o Plan de Formación Continua do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e as bases para a participación nestas accións formativas (DOG. Núm. 20, do 1 de febreiro de 2010), establece na súa base primeira que o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo e doutras entidades e organismos públicos, poderán acceder ás accións formativas a través dos oportunos convenios que se subscriban para este efecto.

QUINTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente Convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP e CIXTEC, é a participación nas actividades da EGAP do persoal dependente do CIXTEC, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Actuacións.

A EGAP e o CIXTEC, en virtude do disposto neste convenio, podrán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.

As modalidades de colaboración poderán consistir en:

- a) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente do CIXTEC, que fará a selección do referido persoal para cada actividade concreta, de conformidade co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 de 10 de xaneiro de 2008); selección que comunicará á EGAP.
- b) Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- c) Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- d) Promover a actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

TERCEIRA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha

das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, o seu Secretario Xeral e un Xefe o Xefa de Servizo da mesma que designe o seu Director, ou persoas en quen deleguen; e por parte do CIXTEC, o Director Xeral, e un Xefe de Departamento nomeado polo Director Xeral ou personas en quen deleguen. Serán funcións desta Comisión de seguimento:

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 3.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 4.- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

CUARTA.- Orzamento

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SEXTA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e do CIXTEC.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materias fruto do desenvolvemento do proxecto.

SÉTIMA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola lexislación en materia de contratos das administracións

públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

De conformidade co establecido no artigo 8.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2010, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Escola Galega de
Administración Pública,

Polo Centro Informático de Xestión
Tributaria, Económico-Financeira e
Contable,

D. Pablo Figueroa Dorrego.

Dna.Marta Fernández Currás